

## AUTONOMÍA E COMPETENCIAS LOCAIS: PRESENTE E FUTURO

A autonomía local é un principio-dereito básico e irrenunciable para as entidades locais, consagrado na Constitución de 1978 e de maneira especial na Carta Europea de Autonomía Local de 1985.

5 Esta autonomía debe traducirse na capacidade das entidades locais, basicamente os concellos, de ordenar e xestionar por si mesmos os asuntos públicos do seu interese, de contar coas competencias necesarias e co financiamento axeitado para levalas adiante, e ademais sen controis de oportunidade. Sen potestades, competencias e financiamento non podemos falar dunha verdadeira autonomía política no local.

10 En canto ao ámbito competencial, un dos elementos básicos da autonomía local, pouco ou nada se ten avanzado nos últimos anos, e a vixente Lei de Racionalización da Administración Local do 2013, ao amparo dunha pretendida estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (solo esixible ás entidades locais) supuxo, no ámbito competencial, unha limitación á autonomía dos  
15 concellos ao suprimir as competencias complementarias e limitar as formas de prestación dos servizos públicos .

A maiores a Xunta vén cargando aos concello, mediante normas sectoriais, a veces simples regulamentos, con novas competencias e servizos, as máis das veces sen estudos de oportunidade nin o financiamento axeitado.

20 Polo tanto é necesario, en defensa da autonomía municipal, unha delimitación competencial entre a Comunidade autónoma e os concellos, esixencia

expresamente xa reclamada polo municipalismo galego dende o Pacto Local de 2006, e aínda pendente de cumprir a data de hoxe, como outros varios compromisos incluídos en dito Pacto.

- 25 Esta delimitación de competencias, como se ten solicitado no seo da Comisión Técnica creada ao efecto coa Xunta, deberá levarse adiante previo estudio do custo de servizos e competencias, e baixo os principios de proximidade, responsabilidade e proporcionalidade, tendo ademais en conta a diferente tipoloxía municipal existente, en especial en canto aos municipios rurais, dentro
- 30 dos que se inclúen a meirande parte dos que na actualidade contan con menos poboación en Galicia.

Mesmo cabería plantexar a necesidade de elaborar, na dirección iniciada polo Goberno do Estado, un estatuto específico para esta tipoloxía de municipios de menor poboación, que contarían cun acerbo competencial e de prestación de

35 servizos públicos acorde coa súas capacidades económica e de xestión.

En todo caso aquelas competencias e servizos que transcendan o círculo dos intereses municipais, como son, a título de exemplo, as relacionadas co ensino, a sanidade ou a loita contra os incendios forestais, deberán ser asumidas pola Comunidade Autónoma, operando, para iso, as modificacións normativas que

40 sexan necesarias.

A autonomía local non se pode entender sen autonomía financeira como así ten sinalado o Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa. Polo tanto calquera nova atribución ou reatribución de competencias ou servizos debe contar cun financiamento axeitado, incondicionado e estable.

45 Neste senso é necesario, ademais de crear os marcos legislativos oportunos, incluída a aprobación definitiva dunha norma reguladora das facendas locais de Galicia (tal como dispón a Lei do local galega de 1997), modificar o actual sistema de participación das entidades locais nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, sistema que basicamente segue a ser o mesmo dende hai décadas. Por  
50 outra banda tamén faise necesario mellorar o réxime de transferencias, tanto do Estado como da Comunidade Autónoma, onde o xa obsoleto réxime de subvencións reiteradas, periódicas e condicionadas segue a ser a regra, cando debería ser substituído, agás excepcións debidamente xustificadas, por programas de colaboración económica municipal dotados co financiamento axeitado.

55 En todo caso deberá darse participación ao municipalismo, a través da correspondente Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro, existente no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, de todas cantas iniciativas ou propostas elabore a Xunta e teñan incidencia no financiamento dos concellos.

60 Na defensa da súa autonomía, e polo tanto das súas competencias, potestades e atribucións, os concellos deben contar cos instrumentos institucionais e canles axeitadas que vaian mas alá da non preceptiva nin vinculante audiencia ou consulta durante a tramitación dos textos normativos, ou dunha probable reunión da Comisión Galega de Cooperación Local, organismo necesitado, despois do  
65 tempo transcorrido e da súa escasa operatividade, dunha mellora na súa composición e funcionamento.

Unha destas novas canles de participación, seguindo a liña doutras Comunidades autónomas, podería pasar pola constitución dun ente autónomo interinstitucional para a salvagarda da autonomía e competencias municipais, que actuaría como

70 órgano superior da representación e da concertación das entidades locais coa  
Comunidade Autónoma.

Tamén debería darse participación ao municipalismo nos procesos parlamentarios  
de elaboración das leis que afecten á súa autonomía e competencias,  
participación ata agora puntual e ocasional e nunca a iniciativa das propias  
75 entidades locais. Con iso poderíase evitar, cando menos mitigar, que moitas leis  
con afectación nas competencias e intereses dos concellos sexan elaboradas ás  
costas do municipalismo.

Neste mesmo eido habería que avanzar cara o recoñecemento, como teñen feito  
outras Comunidades autónomas, da iniciativa legislativa as entidades locais nas  
80 materias da súa competencia. Mesmo cabería plantexar a institucionalización, no  
seo da correspondente comisión do Parlamento de Galicia, dunha subcomisión de  
asuntos locais onde tiveran acubillo todos os temas parlamentarios relacionados  
con mundo local galego.

Tamén as deputacións provinciais, entidades locais territoriais con recoñecemento  
85 constitucional, dispoñen de autonomía para a xestión dos seus intereses, intereses  
necesariamente vencellados cos dos municipios que as integran. Ademais as súas  
competencias e servizos deben seguir sendo aqueles dirixidos á asistencia,  
cooperación e colaboración cos concellos, en especial cos máis pequenos ou con  
menor capacidade de xestión, aínda que deberán ter a autonomía suficiente á  
90 hora de fixar as materias e instrumentos organizativos a través dos cales van  
prestar eses servizos e competencias en materia de asistencia e cooperación cos  
municipios.

Aínda que os intereses das deputacións son esencialmente os dos concellos que  
as conforman, tamén teñen intereses supramunicipais, circunscritos ao ámbito do

95 territorio da súa respectiva provincia ou a unha zona do seu territorio, debendo  
dispor da autonomía necesaria para xestionar os servizos provinciais neses  
ámbitos, mesmo a través de fórmulas de xestión integrada cos concellos  
respectivos.

Polo exposto, propónse á Asemblea Xeral a aprobación das seguintes

### 100 **Resolucións:**

**Primeira.-** Instar ao Goberno galego, no senso doutras Comunidades autónomas,  
a constituír un organismo permanente de carácter paritario que teña como  
finalidade garantir o respecto a autonomía e competencias locais, tanto nos  
procesos de elaboración normativa, como na xestión e planificación das políticas  
105 públicas, canalizando a colaboración e cooperación interinstitucional entre a Xunta  
e os concellos nas áreas máis sensibles de competencia compartida (servizos  
sociais, augas, portos, tratamento de residuos, policía locais).

**Segunda.-** Instar ao Goberno galego a potenciar as funcións que ten a Comisión  
Galega de Cooperación Local, convocando a mesma de maneira periódica e  
110 regular e, en todo caso, antes da aprobación dos proxectos de orzamentos da  
Comunidade autónoma ou de normas reguladoras do réxime local.

**Terceira.-** Instar aos Gobernos do Estado e á Xunta de Galicia á modificación,  
respectivamente, da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da  
Administración local, e da lei 5/2014, de medidas urxentes derivadas da entrada en  
115 vigor da Lei 27/2013, no senso de suprimir a esixencia imposta aos concellos de  
obter informes previos doutras Administracións para exercer competencias  
distintas das propias.

**Cuarta.-** Cara conseguir unha prestación homoxénea dos servizos mínimos en todos os concellos, a Xunta de Galicia procederá a elaborar a disposición normativa axeitada onde se establezan os niveis homoxéneos a ter en conta, dando así cumprimento ao disposto na Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

**Quinta.-** Demandar ao Goberno da Xunta que a normativa de atribución de competencias aos concellos se leve adiante nos termos sinalados na lexislación básica local, ou sexa atendendo á súa capacidade de xestión, baixo os principios de proximidade e subsidiariedade, e previa elaboración da correspondente memoria económica.

**Sexta.-** Solicitar ao Goberno da Xunta que proceda ao desenvolvemento legal dos réximes municipais especiais da Lei 5/1997, incorporando aos mesmos un réxime específico para os concellos menos poboados.

**Sétima.-** Instar á Xunta, en cumprimento do disposto na Lei 5/1997, a elaboración, coa participación do municipalismo, dunha lei reguladora das facendas das entidades locais de Galicia, na que habería que incluír a regulación do Fondo de Cooperación Local.

**Oitava.-** Solicitar ao Parlamento galego a participación das entidades locais nos procesos de elaboración das leis que afecten directamente ás súas competencias e intereses, e mesmo a posibilidade de constituír no seu seo una subcomisión de entidades locais dependentes da Comisión Institucional.

**Novena.-** Solicitar á Xunta de Galicia a modificación do actual réxime de audiencia das asociacións de municipios e provincias sobre as disposicións de carácter xeral

e anteproxectos de lei no senso de fixar a mesma como preceptiva, e estendendo o prazo mínimo para emisión dos respectivos informes a quince días.

**Décima.-** Solicitar ao Goberno da Xunta a incorporación dos concellos como entidades con capacidade de exercer a iniciativa legislativa popular en relación con  
145 aqueles asuntos da súa competencia ou interese.

**Décimo primeira.-** Dende a Fegamp instamos ao impulso e desenvolvemento das competencias e servizos de colaboración e asistencia que as Deputacións prestan aos concellos, en especial aos de menor poboación ou capacidade de xestión, mesmo a través dun proxecto de lei elaborado con dita finalidade, consensuado  
150 coas entidades locais.

**Décimo segunda.-** Instar á Xunta de Galicia, sen prexuízo do proceso de delimitación competencial que se está a levar adiante, a dar cumprimento aos acordos acadados no Pacto Local de 2006 aínda pendentes de executar, así como aqueles outros acadados en relación coa transferencia das Unidades de atención a  
155 drogodependentes ou a cesión aos concellos de espazos portuarios.

**Décimo terceira.-** Demandar ao Estado a elaborar unha nova lei de Bases de Réxime Local e á Xunta de Galicia a elaborar unha nova lei da Administración Local de Galicia, co obxectivo de adaptalas á realidade actual, así como unha nova normativa de financiamento autonómico e local co fin de atender ás novas  
160 necesidades que presentan as entidades locais segundo a realidade actual.

**Décimo cuarta.-** Instar a Xunta de Galicia a seguir avanzando no estudo de delimitación de competencias e financiamento de maneira conxunta e coordinada coa Fegamp.

- Décimo quinta.-** Instar aos Gobernos do Estado e á Xunta de Galicia á modificación, respectivamente, da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, e da lei 5/2014, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, no senso de suprimir a esixencia imposta aos concellos de obter informes previos doutras Administracións para exercer competencias distintas das propias.
- 165
- 170 En canto ás competencias propias dos Concellos, instar aos Gobernos do Estado e á Xunta de Galicia á redución dos supostos nos que as Administracións sectoriais han de emitir informe preceptivo e vinculante nos expedientes instruídos en exercicio destas competencias, á redución a un mes do prazo para emisión de informe por parte dos órganos sectoriais que se consideren necesarios e o
- 175 carácter positivo do silencio administrativo no caso da falta de emisión de informe en prazo.